

**XIV SEMINARIO DE HISTORIA DE CULLEREDO**  
**A HISTORIA CONTADA: NOVELA HISTÓRICA, MEMORIAS,**  
**HISTORIA DA ARTE, NO CINE...**

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza, o **xoves 27, venres 28 e sábado 29 de novembro de 2008**, no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, a **XIVª edición do Seminario de Historia de Culleredo**, dedicado nesta ocasión ao tema *A Historia contada: novela histórica, memorias, historia da Arte, no cine...*. Neste Seminario colabora a Universidade da Coruña, e a Deputación da Coruña.

Se en anteriores edicións do Seminario abordáronse en profundidade diversos períodos históricos, na presente edición a intención é reflexionar como a Historia en xeral, ou os acontecementos históricos en particular, teñen influído ou inspirado aos creadores nas diversas Belas Artes (Pintura, Música, Cine...). Igualmente, a auxe que ten experimentado nos últimos anos a novela histórica é motivo de análise para constatar a importancia da Literatura á hora de divulgar a Historia a grandes públicos.

Profesores das Universidades de Santiago e A Coruña, ou recoñecidos escritores, investigadores e críticos abordarán, nas sesións do Seminario, aspectos como a importancia da historia na obra narrativa de autores concretos, a Historia no mundo da Pintura, as orixes da novela histórica española ou galega, a Historia e o Cine como recurso educativo, a Historia e a política na Música, a memoria persoal como suxeito literario, a temática da Guerra Civil e franquismo nos autores galegos ou reflexións amplas sobre as relacións entre a Historia e a Literatura.

Paralelamente ás sesións do Seminario de Historia a Biblioteca Municipal “Miguel González Garcés” acollerá unha exposición bibliográfica sobre “Novela histórica”. Tamén haberá, como actividade complementaria, unha representación teatral.

Ao longo das trece edicións realizadas, máis de 150 catedráticos, profesores e doutores de varias universidades galegas e españolas -A Coruña, Santiago, Vigo, Valladolid, UNED, Oviedo, Salamanca, Zaragoza, Madrid...- escritores, investigadores..., entre outros), impartiron as súas leccións en Culleredo, e preto de 2.000 persoas asistiron como público. A colaboración da Universidade da Coruña, dende 1998, permitiu achegar ás actividades do Seminario a un importante número de estudantes, que encontraron nos programas desenvolvidos unha formación academicamente válida para os seus estudos.

Neste sentido, o Seminario de Historia de Culleredo está recoñecido como actividade formativa pola Universidade da Coruña, para a súa posible validación.

Xa está aberto o prazo para que as persoas interesadas poidan asistir ao Seminario. As inscricións, que son gratuítas, poden facerse persoalmente, por teléfono, fax ou e-mail, no seguinte enderezo:

Concellería de Cultura do Concello de Culleredo  
Edificio de Servizos Múltiples do Burgo  
Rúa Ramón Cabanillas, 14  
15670 O Burgo (Culleredo)  
Teléfono: 981665597 Fax: 981661748 e-mail: [cultura@culleredo.org](mailto:cultura@culleredo.org)  
O prazo remata o 26 de novembro.

Culleredo, 30 de outubro de 2008.  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez